



**Federación Galega
de Atletismo**



Autoridad Portuaria de

Ferrol-San Cibrao

FERROL

10K PORTO DE FERROL

Domingo, 2 de xullo de 2023

REGULAMENTO

1. ORGANIZACIÓN

O Club “Ria Ferrol – Concepción Arenal”, co control técnico da Federación Galega de Atletismo, organiza a partir das 10:00 horas do domingo 2 de xullo de 2023 a Carreira Popular 10K Porto de Ferrol.

2.- PATROCINADORES

A pobra conta co Patrocinio da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao

3. COLABORACIONES

Esta pobra conta coas colaboracións da Policia Portuaria e do Concello de Ferrol .

4. PARTICIPACIÓN

Poderán participar nesta proba atletas populares e federados/as sempre que estean inscritos/as nos prazos e formas establecidos a tal efecto pola Organización.

5. PERCORRIDO

Haberá dous circuitos de 10.000 e 5.000 metros homologados pola Federación Española de Atletismo e discorrerá sobre unha superficie de asfalto na súa totalidade.

A proba discorrerá por un circuíto urbano dacordo co plano deseñado anexo a este regulamento.

A saída e a chegada situaranse no Peirao de Curuxeiras.

A organización contará coa axuda de Protección Civil, e voluntarios que regularan o tránsito o longo de percorrido.

Prohibese o acompañamento dos participantes e o uso de coches de apoio. O incumprimento desta norma implicará a inmediata descalificación dos corredores que a infrinxisen. Os únicos vehículos autorizados que poderán seguir a proba serán os das forzas de seguridade e os de apoio a organización, que irán debidamente identificados.

A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces, que establecerá os correspondentes controis ao longo do circuíto.

O percorrido estará sinalizado e estableceránse controis.

6. CATEGORÍAS

Establécense as seguintes categorías:

- SUB 8: Nados/as nos anos 2016 e 2017.
- SUB 10: Nados/as nos anos 2014 e 2015.
- SUB 12: Nados/as nos anos 2012 e 2013.
- SUB 14: Nados/as nos anos 2010 e 2011.
- SUB 16: Nados/as nos anos 2008 e 2009.
- SUB 18: Nados/as nos anos 2006 e 2007.
- SUB 20: Nados/as nos anos 2004 e 2005.
- SUB 23: Nados/as nos anos 2001, 2002 e 2003.
- SÉNIOR: Nados/as nos anos 2000 e anteriores ata os 34 anos cumpridos o día da proba.
- MÁSTER A: De 35 a 44 anos cumpridos o día da proba.
- MÁSTER B: De 45 a 54 anos cumpridos o día da proba.
- MÁSTER C: De 55 a 64 anos cumpridos o día da proba.
- MÁSTER D: Maiores de 65 anos cumpridos o día da proba.

7. PECHE DE CONTROL

O control de chegada para a carreiras de 10K e 5K pecharase unha hora e 15 minutos despois da saída, as 12:15 h. Cando un participante exceda o tempo previsto de peche de control (unha hora e quince minutos dende efectuar a saída), será avisado pola organización e deberá subir ao coche oficial que pecha a carreira e abandonar a proba co fin de non entorpecer o tráfico automobilístico e o desenvolvemento da propia actividade. No caso de continuar, farao baixo a sa responsabilidade, debendo cumplir as normas e sinais, e considerarase un usuario máis da vía, e quedará eximida a organización de toda responsabilidade do que puidese acontecer (Regulamento xeral de circulación R.D. 1428/2003).

8. INSCRICIÓN E RETIRADA DE DORSAIS

Para inscribirse na proba, as persoas participantes dende a categoría sub 18 en adiante, deberán pagar a cantidad de **5,00 €**. As categorias menores serán de balde.

As inscricións poderán efectuarse a partir do día 01 de xuño ata as 23:59 h do día 28 de xuño a través da páxina www.carreirasmalegas.com .

A retirada de chips e dorsais poderase efectuar ó longo do 30 de xuño (16:30 h a 20:00 h) e 01 de xullo de 10:00 a 20:00 en DECATLHON FERROL . O dia da Proba dende as 08:30 h ata 10:30 h no Porto de Ferrol.

O acto de recollida de dorsal e chips entenderase como confirmación da participación.

A organización non se fai responsable das consecuencias derivadas dunha inscrición defectuosa ou errónea por parte dos corredores ou a persoa na que deleguen.

9. CARREIRA PARA MENORES

A carreira das categorías de menores, que discorrerá polo Peirao de Curuxeiras, cos seguintes horarios e distancias:

CATEGORÍA	HORA DE SAÍDA	DISTANCIA
Sub 16 (masculino e feminino)	10:00	2.500 m (aprox.)
Sub 14 (masculino e feminino)	10:15	1.500 m (aprox.)
Sub 12 (masculino e feminino)	10:25	1.000 m (aprox.)
Sub 10 (masculino e feminino)	10:35	500 m (aprox.)
Sub 8 (masculino e feminino)	10:45	500 m (aprox.)

10.- CARREIRA ABSOLUTA

Haberá dous circuitos **homologados. 5 K y 10K**, As pobras comenzará as 11:00 h .

11. PREMIOS

As clasificacións publicaranse inmediatamente despois de finalizar a proba.

Haberá premios en metálico para:

Tres primeiros clasificados, tanto masculinos como femininos, da clasificación xeral da proba de 10K. Os importes serán os seguintes:

- **1er clasificado/a absoluto 150 €.**
- **2º clasificado/a absoluto 100 €.**
- **3º clasificado/a absoluto 50 €.**

Haberá trofeos para:

Gañador e gañadora absoluta da proba de 10K.

Gañador e gañadora absoluta do 5 K.

Tres primeiros clasificados de cada categoría, masculina e feminina de todas as probas, ata a categoría sub 12.

Tódolos participantes nas categorías sub 10 e sub 8, recibirán unha medalla.

Entre tódolos participantes que rematen a proba, dende a categoría sub 18 en adiante, realizarase un sorteo de **4 premios** en metálico por un valor **50 € cada un**. **2** premios para os participantes do **5 K** e outros **2** para os de **10 K**.

Se sortearan agasallos unha vez finalizada a proba para todos os participantes.

12. CONTROL TÉCNICO DA PROBA

A proba será controlada polo Comité Galego de Xuíces de Atletismo e rexerase polas normas do Regulamento da WA. Tamén está incluída no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo.

O/A Xuíz/a árbitro/a será designado/a pola F.G.A. para resolver calquera suceso de tipo técnico, interpretando o regulamento da proba.

Os tempos tomaranse mediante sistema informático. Só terán validez os chips persoais integrados no dorsal da carreira. O tempo de carreira só será rexistrado se a persoa participante leva posto correctamente o chip, que irá integrado no dorsal.

O dorsal debe levarse na parte dianteira en lugar visible.

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó/A Xuíz/a Arbitro/a da Competición non mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

13. SEGUROS

A organización ten subscrito un Seguro Colectivo de Accidentes e Responsabilidade Civil.

A organización recomenda ás persoas participantes que, con anterioridade á proba, efecten un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.

A Organización non se fará responsable dos danos morais ou materiais que poidan sufrir as persoas participantes antes, durante ou como consecuencia da súa participación nesta proba.

14. ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

As persoas participantes aceptan o establecido neste regulamento e comprométense a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir a distancia completa antes de cruzar a liña de meta.

Tódalas persoas participantes, polo feito de formalizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a organización, ela mesma ou mediante terceiras entidades, traten informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva, promocional ou comercial, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeos, etc.

15. TRATAMIENTO DE DATOS

Tal e como se establecen nos artigos 15, 16 e 17 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un escrito ou correo electrónico dirixido a Concellería de Deportes do Concello de Ferrol, praza de Armas s/n, 15402 Ferrol, (deportes@ferrol.es).

Esta proba pertence ó Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición, o/a corredor/a consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obligatorios de Accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas en ruta. En todo caso e tal e como establece a normativa de protección de datos citada anteriormente, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, Avda. Glasgow, Nº13. – 15008, A Coruña (federacion@atletismo.gal).

A Organización poderá modificar o presente regulamento, sen previo aviso. Igualmente resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste Regulamento.